

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**7655** *Real decreto 836/2012, do 25 de maio, polo que se establecen as características técnicas, o equipamento sanitario e a dotación de persoal dos vehículos de transporte sanitario por estrada.*

O Real decreto 619/1998, do 17 de abril, estableceu as características técnicas, o equipamento sanitario e a dotación de persoal dos vehículos de transporte sanitario por estrada.

O tempo transcorrido desde a súa aprobación aconsella revisar o seu contido, co fin de adecuar as características e condicións exixidas aos vehículos e persoal destinados ao transporte sanitario aos avances técnicos e ao desenvolvemento das ofertas formativas actuais no ámbito da formación profesional.

Desde o punto de vista técnico, no proceso de elaboración desta norma tívose en conta que a Asociación Española de Normalización e Certificación (Aenor), entidade recoñecida como organismo de normalización de conformidade co disposto no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguridade industrial, aprobou a norma UNE-EN 1789:2007 + A1: 2010, versión española da aprobada polo Comité Europeo de Normalización, en materia de vehículos de transporte sanitario e os seus equipamentos. Esta norma foi publicada no «Boletín Oficial del Estado» mediante a Resolución do 7 de setembro de 2010, da Dirección Xeral de Industria, pola que se publica a relación de normas UNE aprobadas por Aenor durante o mes de xullo de 2010.

Desde o punto de vista formativo, a presente norma, coa finalidade de incrementar o nivel de cualificación dos traballadores do sector, tivo en conta tanto o título de técnico en Emerxencias Sanitarias, regulado por Real decreto 1397/2007, do 29 de outubro, polo que se establece o título de técnico en Emerxencias Sanitarias e se fixan as súas ensinanzas mínimas, como o certificado de profesionalidade en transporte sanitario, establecido polo Real decreto 710/2011, do 20 de maio, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional Sanidade que se inclúe no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Por outra banda convén sinalar que esta nova norma constitúe na súa maior parte lexislación básica do Estado ditada de acordo co título competencial establecido no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución española, tras acudir a normativa regulamentaria por entender que se trata dunha materia cun carácter marcadamente técnico que a fai máis idónea que a súa regulación por lei, segundo doutrina do Tribunal Constitucional.

Este real decreto foi sometido ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas, previsto no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, e na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, polo que se establece un procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento e da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de maio de 2012,

## DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as características técnicas, o equipamento sanitario e a dotación de persoal dos vehículos destinados á realización de servizos de transporte sanitario por estrada.

Artigo 2. *Clases de vehículos de transporte sanitario por estrada.*

O transporte sanitario por estrada, definido no artigo 133 do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, poderá ser realizado polas seguintes categorías de vehículos de transporte sanitario:

1. Ambulancias non asistenciais, que non están acondicionadas para a asistencia sanitaria en ruta. Esta categoría de ambulancias comprende as dúas seguintes clases:

1.1 Ambulancias de clase A1, ou convencionais, destinadas ao transporte de pacientes en padiola.

1.2 Ambulancias de clase A2, ou de transporte colectivo, acondicionadas para o transporte conxunto de enfermos cuxo traslado non revista carácter de urxencia nin estean afectados de enfermidades infecto-contaxiosas.

2. Ambulancias asistenciais, acondicionadas para permitir asistencia técnico-sanitaria en ruta. Esta categoría de ambulancias comprende as dúas seguintes clases:

2.1 Ambulancias de clase B, destinadas a proporcionar soporte vital básico e atención sanitaria inicial.

2.2 Ambulancias de clase C, destinadas a proporcionar soporte vital avanzado.

Artigo 3. *Características dos vehículos.*

1. Todos os vehículos de transporte sanitario, sexa cal for a súa clase, deberán cumprir as seguintes exixencias, sen prexuízo do establecido pola lexislación de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria:

A) Identificación e sinalización.

a) Identificación exterior que permita distinguir claramente que se trata dunha ambulancia, mediante a inscrición da palabra «Ambulancia» detrás e diante. A inscrición dianteira realizarase en sentido inverso para que poida ser lido por reflexión.

b) Sinalización luminosa e acústica de preferencia de paso axustada ao disposto na regulamentación vixente.

B) Documentos obrigatorios.

a) Rexistro de desinfeccións do habitáculo e do equipamento.

b) Libro de reclamacións.

C) Vehículo.

a) Vehículo con potencia fiscal, suspensión e sistemas de freada adaptados á regulamentación vixente para o transporte de persoas.

b) Faros antinéboa anteriores e posteriores.

c) Indicadores intermitentes de parada.

d) Extintor de incendios, conforme o disposto na regulamentación vixente.

e) Pneumáticos de inverno, ou no seu defecto cadeas para xeo e neve, polo menos para o período comprendido entre novembro e marzo, ambos os dous incluídos.

- f) Ferramentas para a atención do vehículo.
- g) Sinais triangulares de perigo.
- D) Célula sanitaria.
  - a) Cristais translúcidos. No caso dos vehículos de transporte colectivo poderán optar por outro dispositivo que asegure eventualmente a intimidade do paciente.
  - b) Climatización e iluminación independentes das do habitáculo do condutor.
  - c) Medidas de isoterminia e insonorización aplicadas á carrozaría.
  - d) Revestimentos interiores das paredes lisos e sen elementos cortantes e chan antiescorregadizo, todos eles impermeables, autoextinguibles, lavables e resistentes aos desinfectantes habituais.
  - e) Porta lateral dereita e porta traseira con apertura suficiente para permitir o fácil acceso do paciente.
  - f) Armarios para material, instrumental e lenzaría.
  - g) Cuña e botella irrompibles.

2. Xunto coas anteriores exigencias, cada unha das distintas clases de ambulancia deberá cumprir as condicións que especificamente se sinalan na norma UNE-EN 1789:2007 + A1: 2010.

As ambulancias asistenciais deberán contar, ademais, con dispositivos de transmisión de datos e localización GPS co seu centro de coordinación de urxencias (CCU).

Deberase garantir en todo momento a comunicación da localización do vehículo co centro de xestión do tráfico correspondente, ben por comunicación directa desde o vehículo ou ben desde o citado centro.

A disposición da padiola será opcional nas ambulancias de clase A2.

3. Sen prexuízo do establecido nos números anteriores, os vehículos de transporte sanitario deberán cumprir coas exigencias en materia de homologación de vehículos establecidas conforme a Directiva 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro de 2007, pola que se crea un marco para a homologación dos vehículos de motor e dos remolques, sistemas, compoñentes e unidades técnicas independentes destinados aos ditos vehículos, así como a normativa nacional ditada en España para a súa transposición.

#### Artigo 4. *Dotación de persoal.*

##### 1. Dotación mínima dos vehículos:

Os vehículos destinados á prestación dos servizos de transporte sanitario deberán contar durante a súa realización coa seguinte dotación de persoal:

- a) As ambulancias non asistenciais de clases A1 e A2 deberán contar, polo menos, cun condutor que posúa, como mínimo, o certificado de profesionalidade en transporte sanitario previsto no Real decreto 710/2011, do 20 de maio, e cando o tipo de servizo o requira, outro en funcións de axudante coa mesma cualificación.
- b) As ambulancias asistenciais de clase B deberán contar, polo menos, cun condutor que estea en posesión do título de formación profesional de técnico en Emerxencias Sanitarias, previsto no Real decreto 1397/2007, do 29 de outubro, ou correspondente título estranxeiro homologado ou recoñecido e outro en funcións de axudante que posúa, como mínimo, a mesma titulación.
- c) As ambulancias asistenciais de clase C deberán contar, polo menos, cun condutor que estea en posesión do título de formación profesional de técnico en Emerxencias Sanitarias antes citado ou o correspondente título estranxeiro homologado ou recoñecido, cun enfermeiro que posúa o título universitario de diplomado en Enfermería ou título de grao que habilite para o exercicio da profesión regulada de enfermería, ou o correspondente título estranxeiro homologado ou recoñecido. Así mesmo, cando a asistencia que se vai prestar o requira deberá contar cun médico que estea en posesión do título universitario de

licenciado en Medicina ou título de grao que habilite para o exercicio da profesión regulada de médico, ou o correspondente título estranxeiro homologado ou recoñecido.

2. Dotación de persoal nas empresas:

A dotación mínima de persoal con que deberá contar en todo caso a empresa ou entidade, de conformidade co que, para tal efecto, determinen conxuntamente os ministros de Fomento e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, pertencerá ao cadro de persoal da empresa ou entidade titular da autorización de transporte sanitario que deberá acreditar encontrarse en situación de alta e ao día no pagamento das cotas do réxime que corresponda da Seguridade Social.

Disposición adicional primeira. *Réxime sancionador.*

1. O incumprimento das condicións da autorización de transporte sanitario será sancionado de conformidade co establecido no título V da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.

2. O incumprimento das condicións da certificación técnico-sanitaria será sancionado de conformidade co disposto no capítulo VI do título I da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Disposición adicional segunda. *Condicións mínimas.*

Os requisitos e condicións técnicas regulados neste real decreto e considerados como básicos teñen o carácter de mínimos, e poderán ser mellorados polas empresas na prestación dos servizos.

Así mesmo, as administracións das comunidades autónomas poderán exixir cantos outros requisitos e condicións técnicas consideren convenientes en relación cos vehículos que deban utilizar as empresas con que contraten servizos de transporte sanitario, así como coa dotación de persoal con que deban contar.

Disposición adicional terceira. *Vehículos procedentes doutros Estados.*

O disposto neste real decreto non impedirá a utilización en España de vehículos de transporte sanitario fabricados ou comercializados legalmente noutros Estados membro da Unión Europea ou fabricados legalmente noutros Estados membro da Asociación Europea de Libre Comercio que sexan signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, sempre que se garantan as características técnico-sanitarias equivalentes ás recollidas no artigo 3.

O disposto no número anterior será tamén de aplicación aos vehículos de transporte sanitario fabricados ou comercializados legalmente nun Estado que teña un acordo de asociación alfandegueira coa Unión Europea, cando este acordo recoñeza a eses vehículos o mesmo tratamento que os fabricados ou comercializados nun Estado membro da Unión Europea.

Disposición adicional cuarta. *Transportes oficiais das Forzas Armadas.*

O establecido neste real decreto non será de aplicación aos transportes oficiais sanitarios realizados polas Forzas Armadas, os cales se rexerán polas súas normas específicas, que se axustarán, en canto as súas peculiares características o permitan, ás condicións técnico-sanitarias establecidas con carácter xeral.

Disposición adicional quinta. *Referencias á norma UNE-EN 1789:2007 + A1: 2010.*

As referencias realizadas á norma UNE-EN 1789:2007 + A1: 2010 entenderanse feitas a aquela outra norma UNE que, se é o caso, a substitúa desde a súa entrada en vigor.

Disposición transitoria primeira. *Prazo de adaptación dos vehículos.*

O cumprimento dos requisitos previstos no artigo 3 deste real decreto para cada unha das clases de vehículos será obrigatorio a partir dos dous anos contados desde a entrada en vigor deste real decreto.

Non obstante o anterior, as empresas ou institucións que na data de entrada en vigor deste real decreto sexan titulares de autorizacións de transporte sanitario referidas a vehículos que non cumpran os requisitos previstos no artigo 3, poderán seguir prestando os seus servizos con eles durante cinco anos, sen prexuízo da aplicación do prazo de dous anos, previsto no parágrafo anterior, para os novos vehículos que se adquiran.

Transcorridos os cinco anos sen que a empresa procedese a adaptar o vehículo ás exigencias deste real decreto ou á súa substitución por outro que as cumpra, o dito vehículo quedará excluído do amparo da autorización e procederase á anulación da copia referida a aquel en que se especifica a súa matrícula.

Disposición transitoria segunda. *Proceso de adaptación do persoal aos novos requisitos de formación.*

1. Vacantes e prazas de nova creación:

A partir da entrada en vigor deste real decreto, os condutores e axudantes de novo ingreso nas empresas de transporte sanitario deberán posuír o certificado de profesionalidade en transporte sanitario ou título de técnico en Emerxencias Sanitarias nos termos previstos no artigo 4.

2. Habilitación de traballadores experimentados que non teñan a formación requirida no artigo 4:

As persoas que acrediten de forma fidedigna máis de tres anos de experiencia laboral, nos últimos seis anos desde a entrada en vigor deste real decreto, realizando as funcións propias de condutor de ambulancias quedarán habilitadas como condutores de ambulancias non asistenciais de clase A1 e A2.

Así mesmo, quedarán habilitados como condutores de ambulancias asistenciais de clase B e C os condutores que acrediten, fidedignamente, unha experiencia laboral na conducción de ambulancias asistenciais de cinco anos nos últimos oito anos desde a entrada en vigor deste real decreto.

Os certificados individuais que acrediten os supostos de habilitación previstos neste número expediranos as comunidades autónomas con suxeición ao procedemento que se regule a través das disposicións que se citan no número 4 e serán válidos en todo o territorio nacional.

3. Quen no momento da entrada en vigor deste real decreto estea a prestar servizo en postos de traballo afectados polo disposto no artigo 4 e non reúna os requisitos de formación establecidos nel, nin a experiencia profesional prevista no número anterior, poderá permanecer no seu posto de traballo desenvolvendo as mesmas funcións, sen que por tales motivos poida ser apartado del.

4. Correspóndelles ás comunidades autónomas, respecto ás empresas de transporte sanitario autorizadas nos seus respectivos ámbitos territoriais, adoptar no prazo de dous meses desde a entrada en vigor deste real decreto as medidas necesarias para a aplicación, control e desenvolvemento do previsto nos anteriores números 1 e 2.

As administracións públicas, no marco das previsións relativas á formación profesional, promoverán e facilitarán a formación dos traballadores das empresas de transporte sanitario, nos termos previstos neste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 619/1998, do 17 de abril, polo que se establecen as características técnicas, o equipamento sanitario e a dotación de persoal dos vehículos

de transporte sanitario por estrada, e cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se poñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres.*

1. Modifícase o punto 1 do artigo 135 do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, cuxo contido queda redactado nos seguintes termos:

«1. Para a realización de transporte sanitario será necesaria a obtención previa da correspondente autorización administrativa, outorgada ben para transporte público ou para transporte privado. Para os efectos de control, a Administración expedirá unha copia da dita autorización referida a cada un dos vehículos que a empresa pretenda utilizar ao seu amparo, logo de comprobación de que conta coa certificación técnico-sanitaria regulada no artigo anterior.»

2. Modifícase o punto terceiro da letra a) do artigo 137 do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, cuxo contido queda redactado nos seguintes termos:

«3. Disposición do número mínimo de vehículos que se determine por Orde do ministro da Presidencia, ditada por proposta dos ministros de Fomento e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. O dito mínimo non poderá en ningún caso ser superior a 10.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de norma básica de conformidade co establecido no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución, sobre bases e coordinación xeral da sanidade, e os artigos 2.1 e 40.7 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Exceptúanse do anterior as letras A), B) e C) do artigo 3.1, ditadas de conformidade co artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución, sobre tráfico e circulación de vehículos de motor, aínda que as características recollidas neles serán de aplicación a todos os vehículos que se amparen en autorizacións de transporte sanitario, público ou privado, outorgadas pola Administración xeral do Estado ou polas administracións das comunidades autónomas en uso de facultades delegadas polo Estado de conformidade co previsto no artigo 16.1 da Lei orgánica 5/1987, do 30 de xullo.

Tampouco terán o carácter de norma básica as disposicións adicionais terceira e cuarta deste real decreto, ditadas de conformidade co artigo 149.1.3.<sup>a</sup> e 4.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

Facúltase o ministro de Fomento e o ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para aprobar, no ámbito das súas competencias, mediante orde conxunta, as disposicións necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto, así como para resolver as dúbidas que xurdan en relación co seu contido.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de maio de 2012.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN